

INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA SOBRE A APLICACIÓN DAS VALIDACIONES ENTRE DETERMINADAS MATERIAS DE MÚSICA E DANZA COAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA, PARA O CURSO 2015/2016.

No curso 2015-16 implantáronse os cursos 1º e 3º de ESO e 1º de BAC regulados polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño).

Ante as consultas xurdidas en relación ás validacións de determinadas materias das ensinanzas profesionais de música e de danza coas de Educación Secundaria, e tendo en conta o establecido no Real decreto 242/2009, do 27 de febreiro, polo que se establecen validacións entre as ensinanzas profesionais de música e de danza e a educación secundaria obligatoria e o bacharelato, así como os efectos que sobre a materia de educación física deben ter a condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento, así como o disposto na Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral (DOG do 15 de xullo), procede emitir instrucións, con carácter transitorio en tanto non se modifique a citada norma básica, para a adecuada aplicación do establecido na citada orde, no referente ás materias obxecto de validación da educación secundaria e as materias das ensinanzas profesionais de música e de danza, de acordo co seguinte:

A Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral (DOG do 15 de xullo), será de aplicación no curso 2015/2016 tendo en conta as seguintes consideracións:

- A) A materia optativa de 1º da ESO, do Anexo VI da orde, entenderase referida á unha materia de libre configuración.
- B) A materia optativa de 3º da ESO, do Anexo VI da orde, entenderase referida á unha das materias específicas de opción (Cultura clásica ou Segunda lingua estranxeira).
- C) A materia optativa de 1º de BAC, do Anexo VII da orde, entenderase referida a unha das materias específicas de opción e libre configuración contempladas no Anexo V do Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2015

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López



XEFATURAS TERRITORIAIS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.